

PLANS DE TRABAJO PARA SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES NA E.S.O.

Os alumnos con Música pendente terán un seguimento ó longo do curso por parte do profesorado adscrito ó departamento, tanto respecto as dúbidas que lles podan xurdír coma á presentación de actividades, traballos a realizar, etc. Normalmente farase un seguimento en réximen de tutoría semanal ou quincenal donde se lles facilitarán actividades, exercicios e traballos que poderan entregar para a súa corrección na semana ou quincena seguinte

Avaliación dos alumnos coa música de 2º, 3º ou 4º ESO pendente

O exame dos alumnos pendentes constará de dúas probas, unha en Xaneiro e outra en Maio-Abril, entre as que se dividirán os contidos da asignatura, loxicamente referidas ó programa oficial que se cita na programación e que serán calificadas de un a dez. Se un alumno non superase a cualificación de apto no primeiro exame, poderá engadirse no segundo algunha cuestión da primeira parte, que favoreza así a súa recuperación.

A estas probas se lles engadirá a elaboración de traballos prácticos sobre aspectos concretos do mesmo programa e que completen a súa avaliación. Serán entregados os alumnos antes dos exames polos profesores do seu grupo. Estes traballos pederán aumentar a nota ata un máximo de dous puntos.

Os exames serán calificados polos membros do departamento e os alumnos poderán ver o(s) exercicio(s) unha vez correxidos.

Contidos exixibles

Serán os mesmos que figuran na programación pero axeitados a realidade persoal do alumnado pendente

PROCEDEMENTOS PARA A CUALIFICACION DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO CURSO SE HAI ALUMNADO QUE ASISTE A PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA.

Non sendo a materia de música de carácter troncal na ESO, na actualidade non hai alumnado que asista a programas específicos de reforzo. Para os alumnos que teñen a materia pendente nalgún curso seguiránse os plans de traballo establecidos para a superación da materia.

ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO DA MATERIA PENDENTE EN 1º DE BACHARELATO

Despois da derradeira reforma curricular a materia da música somentes ofértase como optativa no primeiro curso, desaparecendo como materia propia de modalidade no segundo curso de Bacharelato.

Dado que no alumnado que no curso anterior cursou a materia optativa non se rexistra ningún suspenso, non consta a matriculación de ningún alumno procedente doutro centro coa materia pendente, na programación didáctica do curso entrante non se contemplan actividades específicas de seguimento.